

Servizo de apoio á impresión Para escolares de Vedra que o precisen.

Crease en coordinación cos centros escolares de Vedra (CPI Plurilingüe de Vedra, CEIP Ortigueira e CRA Boqueixón Vedra “Neira Vilas”) un servizo de impresión para que os escolares que o precisen poidan acceder ao material educativo que lles remiten dende os seus centros de ensino.

QUE É ESTE SERVIZO?

Trátase dunha ferramenta creada unha vez detectada a dificultade dalgunhas familias para acceder a internet ou aos medios para a impresión das tarefas escolares nos fogares na corentena.

QUEN O XESTIONA?


Este servizo estará en coordinación entre os tres centros escolares do termo municipal, os Servizos Sociais e o Departamento de Educación do Concello que traballarán en conxunto para atallar estas situacións de vulnerabilidade.

CÓMO FUNCIONA?

O profesorado que vaia traballar con material que o alumnado teña que imprimir poñerá semanalmente estes materiais en PDF a disposición do concello. As familias que precisen botar man destes recursos a disposición só teñen que chamar ao número de teléfono **981 81 46 91** en horario de 9:00 a 14:00 horas (de luns a venres) ou enviar un correo electrónico a impresionescolarvedra@gmail.com especificando os seguintes datos:

- Nome e apelidos do escolar.
- Idade e curso escolar.
- Centro de ensino.
- Enderezo familiar.
- Número de teléfono de contacto.
-

Unha vez recibida a solicitude, valorarase cada caso e, unha vez realizada a impresión, os servizos municipais distribuirán o material impreso aos domicilios solicitantes.



**Concello
de Vedra**